

Acta da Comisión Permanente do día 24 de maio de 2022

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 24/05/2022
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 24/05/2022
- III. Solicitude de admisión por recoñecemento de créditos
- IV. Solicitude de axuda para a organización de olimpíadas do saber na Universidade de Vigo no ano 2022.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13:00 horas na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Subdirectora de Planificación e Organización Académica, Dona María Araújo Fernández, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 18 de febreiro de 2022.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior.

2. **Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.**

A Presidenta sinala que se achegou unha solicitude de admisión / recoñecemento de 30 ECTS de estudos universitarios oficiais estranxeiros non terminados. Sinala que a documentación presentada non é suficiente para poder valorala adecuadamente; se lle pediu que a completara pero non aportou nada máis. Aclara que a documentación presentada non está apostillada, como é requirido.

A Comisión Permanente acorda, por asentimento, desestimar a solicitude de admisión por recoñecemento de 30 créditos ECTS, xa que non aporta información suficiente no seu expediente para poder valorar se adquiriu os coñecementos e competencias necesarios que permitan acreditar o recoñecemento dalgunha das materias dos graos impartidos no centro.

3. **Aprobación, se procede, da presentación dunha solicitude por parte da EEME en relación á “Convocatoria de axudas para a organización de *Olimpíadas do saber* na Universidade de Vigo no ano 2022”.**

A Presidenta comenta que o 16 de febreiro a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo volveu a ser sede provincial da fase galega da Olimpíada de Xeoloxía na súa duodécima edición. A Olimpíada de Xeoloxía é unha actividade educativa

organizada pola “*Sociedad Geológica Española*” e a AEPECT (“*Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra*”), estando a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía implicada activamente no seu desenvolvemento desde o ano 2011.

Comenta brevemente o impreso de solicitude (ANEXO IV) no que se recolle a memoria xustificativa da actividade desenvolvida e aclara que para solicitar esta axuda de financiamento é preciso o visto bo dun órgano colexiado do centro.

A Comisión aproba por asentimento a solicitude da axuda.

4. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 10 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a vinte e catro de maio de dous mil vinte e dous.

Vº e Prace
A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 24/05/2022

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 24/05/2022

Asistentes á Comisión Permanente do 24 de maio de 2022
Presidenta da Comisión
María Araújo Fernández
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
-
Profesorado
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
Alfonso Mandado Vázquez
M ^a del Carmen Pérez Pérez
Teresa Rivas Brea
Estudantes
Alejandro Casal Barreiro
Santiago Domínguez Blanco
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

ANEXO III

Solicitud de admisión por recoñecemento de créditos

ANEXO IV

**Solicitud de axuda para a organización de olimpíadas do saber na
Universidade de Vigo no ano 2022**